


## Monte de Nenos

Ata un total de dezaseis túmulos ou mámoas de 5.000 anos de antigüidade alinéanse a ámbalas dúas beiras do camiño que a traveso do monte leva ata San Andrés de Teixido.

Coñécense tamén polo nome de Montiños da Moura e artéllanse en torno a unha mámoa de 30 metros de longo e 4 de altura que se sobrepon xerárquicamente ó conxunto. Vistas desde lonxe semellan unha xeira de montículos con forma de tronco de esfera, que sinalan e conteñen os enterramentos. No seu interior apareceron diversas armas de pedra, machados, puntas de setas, un ídolo moucho e anacos de cerámica, áinda que as expoliacións sofridas impiden saber todo no que na súa orixe chegaron a conter.

A pouca distancia destas mámoas, á beira dun camiño prehistórico, consérvanse dúas pedras sobranceiras, probablemente extraídas para a construción da cámara dun túmulo. Pero, por razóns desconecidas, este túmulo nunca se chegou a facer.



## Fonte da Moura

No camiño de San Andrés, subindo pola aba do Esperón cara a Portonovo, atópase a chamada Fonte da Moura.

Os mouros, seres míticos do imaxinario celta galego e bretón (equivalentes ós elfos), teñen unha beleza sobrenatural, lucen ricas vestimentas e adubios e dise que viven baixo terra. De ahí que as lendas que chegaron ata nós amosan ás mouras vencelladas a fontes, rochas, regatos e covas, por onde se accede as súas moradas.

Conta a lenda que A Fonte da Moura ten propiedades anticonceptivas sempre que a súa auga seña bebida a primeira hora da mañá. Por iso moitas mulleres acudían de lugares lonxanos a beber desta auga milagreira.



Concello de Narón  
C. de Medio Ambiente  
E.A.S.A.


# CONXUNTO ARQUEOLÓXICO E ETNOGRÁFICO MONTE DE NENOS MONTE DO SEIXO E CAMIÑO DE SAN ANDRÉS



Guía didáctica

## Os Túmulos


Unha vez extraídas as chantas da canteira, amarrábanse con cordas, poñíanse sobre roletes e arrastrábanse coa axuda de bois ata o lugar do emprazamento.



Unha vez no lugar elixido, co concurso de todo o povo, procedíase ao asentado das laxes, encabalgándoas lixeiramente inclinadas cara o interior da cámara.

Finalmente, colocabanse unha ou dúas pedras sobranceiras, subíndoas pola rampa de terra vexetal que revestía o enterramiento, túmulo ou mámoa. Por iso hoxe, moitas veces privadas da súa estrutura de pedra, as mámoas (mámolas) conservan parcialmente a forma de peitos femininos ou de pequenos montiños.

Na grande mámoa do conxunto de Nenos vemos unicamente unha capa de terra escura que oculta as chantas de pedra que conforman a cámara funeraria, como se ve na imaxe da dereita.




O seu interior estaba decorado esplendidamente con pinturas e ricos enxovals funerarios.

## Monte Esperón

Ata tres lendas do acervo atlántico indoeuropeo converxen neste lugar:

-A primeira conta que dúas grandes vigas -unha de xofre e outra de ouro- están agachadas neste lugar, donde foron postas polos mouros.



-Tamén que no seu interior nace un grande río que desemboca en Pantín. E que se o monte revienta, a auga asulagaría toda a bisbarra.

- Os vellos contan que non se pode prender lume nel, porque as bafardas propagárianse baixo terra por todo o monte.



Plano do conxunto arqueolóxico e etnográfico do Monte de Nenos.

## Marco de Portonovo

O marco de Portonovo de Valverde é un lugar de referencia dentro do camiño de San Andrés. Este feito non pasou desapercibido aos nosos devaneiros, emporiso foi escollido como marco territorial para dividir tres concellos: Narón Valdoviño e San Sadurniño. De ahí o epigrafe que leva inscrito: M3T, "Marco de Tres Termos".



Ten unha pegada que, segundo a lenda, deixou o pé de Cristo ao asulagar a cidade impia de Valverde, situada ao oriente dun río moi grande. O río, dende entón, corre baixo a terra, gardando o tesouro de sete imperios, antes de desembocar baixo o mar de Pantín. Nas noites de luar pódese ainda ver a torre da Igrexa de Portonovo e dise que introducindo unha vara na auga é posible tocar as campás.



A pedrafita caída a carón da mámoa número 2 é outro elemento que fai singular este conxunto arqueolóxico e etnográfico do Monte de Nenos e do camiño de San Andrés de Teixido.